



# CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA

Subvencións para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral

Prazo aberto do  
2 de febreiro ao  
1 de marzo de  
2023

Orzamento  
7.698.398 €



## Entidades beneficiarias

→ Concellos e as agrupacións de concellos sempre que todos eles dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución do obxecto para o cal se concede a subvención.

A solicitude conxunta desta subvención exclúe a posibilidade de solicitude individual.



## Intensidade da axuda

- O importe da subvención será o equivalente aos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude.
- A xornada de traballo subvencionable será como máximo do 75 % e non poderá, en ningún caso, ser inferior ao 50 %.
- O importe da subvención por cada contratación reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada.

**Non se considerarán** custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.





# CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA



## Requisitos das contratacións

- Deberanse contratar **persoas perceptoras da Risga** inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia que figuren como **demandantes non ocupadas**, tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- Deberán ser **para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social** que sexan competencia das entidades locais.
- Con independencia da duración do contrato **o período subvencionable para cada contrato será de nove meses**.
- Os contratos **deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución de concesión e, en todo caso, dentro do exercicio 2023**.

Acceso á ficha da  
sede electrónica



Pulsa para  
acceder

VR 25/01/2023



## Procedemento de selección

- 1º** Deberanse solicitar as persoas demandantes non ocupadas **mediante a presentación dunha oferta específica ao Servizo Público de Emprego de Galicia**.
- 2º** A selección de persoas traballadoras **realizarase conforme aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación**.
- 3º** Seguiranse os **criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura das ofertas de emprego**, non sendo de aplicación a normativa establecida para a selección do persoal das entidades beneficiarias.
- 4º** Terán **preferencia** as persoas perceptoras que **teñan asignado un proxecto de inserción laboral, as maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares**.
- 5º** Efectuada a selección, **procederase á súa contratación utilizando a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral**.
- 6º** As **incidencias e reclamacións que se poidan suscitar dos procesos de selección serán resoltas pola entidade local promotora**.



## Documentación complementaria

- Xunto coa solicitude **deberase achegar**:
  - ✓ **Certificado da secretaría do Concello** no que conste a representación que desempeña a persoa que asina a solicitude, a aprobación da solicitude da subvención, a disposición do financiamento non cuberto pola subvención e as retribucións salariais brutas mensuais por conceptos das persoas traballadoras, con referencia ao convenio colectivo e as táboas salariais vixentes de aplicación.
  - ✓ E, de ser o caso, **copia do convenio de colaboración**, se a solicitude se presenta en representación dunha agrupación de concellos e a memoria explicativa da prestación conxunta do proxecto, **indicando as contribucións económicas e das achegas dos concellos agrupados**.